

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 12 DE

XULLO DE 2011

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día doce de xullo de dous mil once, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, a Corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros dona María Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocío Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta María Vázquez Golpe e don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP; don Augusto Rey Moreno, don José Manuel Lemos Seoane, dona Margarita Iglesias Pais, don Jesús Bao Bouzas e dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, do PSdeG-PSOE; don Óscar Alfonso García Patiño, don José Antonio Orosa Fernández e dona Elisa Pestonit Barreiros, de UniónxCambre; don Luis Miguel Taibo Casás e dona María Olga Santos López, de EU; don Alfredo Rodríguez Abella e dona María Victoria Amor Prieto, do BNG; e integrando o Grupo Mixto, don José Antonio Baamonde López, de Progresistas de Cambre e don Manuel Marante Gómez, do Partido Galeguista Demócrata.

Asiste dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, como secretaria da Corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión de constitución da nova Corporación e de elección de alcalde de data 11 de xuño de 2011

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión de constitución da nova Corporación e de elección de alcalde de data 11 de xuño de 2011.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, de EU, solicita a modificación do que considera é un erro de transcripción, na páxina 12, cuarto parágrafo, liña 3^a, onde di: “... *co movemento político e social, ...*” debe dicir: “... *como movemento político e social, ...*”.

Non se formulan máis alegacións, polo que, a Corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, acordou aprobar a acta correspondente á sesión de constitución da nova Corporación e de elección de alcalde de data 11 de xuño de 2011, coa modificación proposta polo concelleiro de EU.

2º Coñecemento dos escritos de constitución dos grupos políticos, dos seus integrantes e nomeamento dos voceiros

De conformidade co establecido nos artigos 74 e seguintes da Lei 5/1997 do 22 de xullo, de administración local de Galicia, artigo 73.3 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e artigos 4 e seguintes do Regulamento orgánico municipal, de orde do Sr. alcalde dáse lectura pola secretaria da Corporación aos escritos que de seguido se relacionan:

- dos concelleiros de EU, rexistrado de entrada ao núm. 9859 o día 15 de xuño de 2011, no que se constitúen como grupo municipal de Esquerda Unida. Nomean como voceiro a don Luis Miguel Taibo Casás, e como suplente a dona María Olga Santos López.

- dos concelleiros de UxC, rexistrado de entrada ao núm. 9875 o día 15 de xuño de 2011, no que se constitúen como grupo municipal de Unión x Cambre. Nomean como voceiro a don Óscar Alfonso García Patiño, como primeiro suplente a don José Antonio Orosa Fernández e como segunda suplente a dona Elisa Pestonit Barreiros.

- dos concelleiros do BNG, rexistrado de entrada ao núm. 10118 o día 16 de xuño de 2011, no que se constitúen como grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego. Nomean como voceiro a don Alfredo Rodríguez Abella, e como suplente a dona María Victoria Amor Prieto.

- dos concelleiros do PSdeG-PSOE, rexistrado de entrada ao núm. 10124 o día 16 de xuño de 2011, no que se constitúen como grupo municipal dos Socialistas de Cambre. Nomean como voceiro a don Augusto Rey Moreno, como primeiro suplente a don José Manuel Lemos Seoane, e como segunda suplente a dona Margarita Iglesias Pais.

- dos concelleiros do PP, rexistrado de entrada ao núm. 10159 o día 16 de xuño de 2011, no que se constitúen como grupo municipal do Partido Popular. Nomean como voceiro a don Felipe Andreu Barallobre, como primeira suplente a dona María Jesús González Roel, como segunda suplente a dona Rocío Vila Díaz, como terceiro suplente a don Fernando Caride Suárez, como cuarta suplente a dona Marta María Vázquez Golpe e como quinto suplente a don Santiago Manuel Ríos Rama.

- dos concelleiros do GM, rexistrado de entrada ao núm. 10426 o día 17 de xuño de 2011, no que se constitúen como Grupo Mixto. Nomean como voceiro a don José Antonio Baamonde López, e como suplente a don Manuel Marante Gómez.

3º Proposta da Alcaldía respecto da periodicidade das sesións do Pleno

Vista a proposta da Alcaldía de data 4 de xullo de 2011 que consta da seguinte parte dispositiva:

“ O Pleno da Corporación reunirse en sesión ordinaria que terá lugar o último xoves de

cada mes, ás 20:00 horas, en primeira convocatoria. Se o citado día fora inhábil, terá lugar o seguinte día hábil, á mesma hora.”

O Sr. alcalde informa que o BNG fíxolle entrega, hai un momento, dun escrito en relación co punto da orde do día que están a tratar, e que consta do seguinte teor literal:

“En relación co punto número 3 do Pleno de hoxe, relativo á periodicidade das sesións do Pleno, o grupo municipal do BNG concorda coa proposta da Alcaldía de celebralos, como corresponde, cunha periodicidade mensual.

Mais no referido ao día do mes a celebrar, dende o BNG propoñemos que pasen a ser celebrados os penúltimos xoves de mes, corréndose unha semana tamén as Xuntas de Voceiros e Comisións Informativas.

Son moitos, a práctica totalidade, os concellos da área metropolitana da Coruña que celebran os seus plenos os últimos xoves de mes, dificultando a oportuna e debida cobertura por parte dos medios de comunicación do que neles acontece e imposibilitando en grande medida o traslado ao común da cidadanía da actualidade e realidade da situación municipal.

É por iso que, en aras de acadar unha maior transparencia e comunicación coa sociedade, propoñemos unha medida que non presenta gastos, nen problemas administrativos e que beneficia ao conxunto de grupos políticos do concello e ao común da cidadanía.”

O Sr. alcalde explica que este escrito debería terse presentado polo Rexistro municipal de entrada, con tempo suficiente para que puidera ser estudado polo resto de grupos políticos. Sinala a dificultade de tratar de axustar agora as axendas tanto dos membros do equipo de goberno, como do propio alcalde, e propón que hoxe se aprobe a proposta da Alcaldía, e deixar pendente a modificación proposta polo BNG para un Pleno posterior.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, manifesta que os Plenos en Cambre sempre van ser pola tarde e que recoñece que o Sr. alcalde debe ter unha axenda, pero que a súa primeira obrigación e co Concello de Cambre.

O Sr. alcalde contesta que é certo que a súa primeira obriga é ser alcalde, pero que a Corporación é libre para aprobar ou non este punto.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que o tempo que tiveron os grupos para presentar propostas dende a convocatoria do Pleno foi mínimo. El xa tiña coñecemento de que se ía presentar esta proposta alternativa, que consideran correcta, xa que recolle o sentir da maioría dos grupos. O seu grupo vai apoiar a proposta co fin de acadar unha mellor cobertura informativa do que ocorre en Cambre. Conclúe dicindo que tamén se pode deixar o asunto sobre a mesa e tratalo a

próxima semana en Xunta de Voceiros.

O Sr. alcalde responde que a aprobación deste punto en Pleno debe ter lugar antes do día 16 de xullo.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que a proposta da Alcaldía neste punto xa era coñecida por todos os grupos antes da convocatoria do Pleno, xa que se falou dela nunha reunión que tiveron hai unha semana. É un acordo que se pode modificar posteriormente pero, en todo caso, ten que estar aprobado antes do día 16.

A petición de don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, a secretaria da Corporación informa que segundo establece o artigo 41 letra a) do Regulamento orgánico municipal, a periodicidade das sesións do Pleno e da Comisión de Goberno debe acordarse dentro dos trinta días seguintes ao da sesión constitutiva.

Don Augusto Rey Moreno manifesta que o seu grupo apoia a proposta do BNG, xa que ningunha das reunións doutros órganos, como a Deputación ou o Consorcio As Mariñas, ten lugar pola tarde ás 20:00 horas, polo que, en principio, non habería ningún problema en celebrar os Plenos o penúltimo xoves de cada mes.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o seu grupo tamén apoia a proposta do BNG.

Don Felipe Andreu Barallobre manifesta que se todos os grupos están de acordo non teñen ningún problema en aceptar a modificación proposta polo grupo municipal do BNG.

Sometido o asunto a votación ordinaria, coa modificación proposta polo BNG, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG, e os dous concelleiros do GM.

A Corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, acordou:

O Pleno da Corporación reunirase en sesión ordinaria que terá lugar o penúltimo xoves de cada mes, ás 20:00 horas, en primeira convocatoria. Se o citado día fora inhábil, terá lugar o seguinte día hábil, á mesma hora.

4º Proposta da Alcaldía respecto da periodicidade das sesións da Xunta de Goberno Local

Vista a proposta da Alcaldía de data 4 de xullo de 2011.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta

que o seu grupo considera excesiva a periodicidade coa que se pretende convocar a Xunta de Goberno Local, catro veces ao mes, sen que isto obedeza a ningún costume que haxa na Corporación dende 1979. Propoñen retirar o punto da orde do día para que sexa negociado, ou senón, a súa proposta é que sexa de dous reunións ao mes.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o seu grupo non ten problema neste punto e van aprobar a proposta da Alcaldía.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta o seu acordo coas manifestacións do voceiro do PSdeG-PSOE, no sentido de que consideran suficientes dúas reunións da Xunta de Goberno Local ao mes. O que si consideran acertada é a supresión da Xunta de Coordinación, por ser un órgano sen contido e un gasto innecesario para o concello.

En todo caso, sinala que dado o apoio á proposta que manifestou o grupo que lle precedeu, corresponderalle a ese grupo xustificar o seu apoio a ese incremento en dúas Xuntas de Goberno ao mes e o conseguinte aumento do gasto que vai haber, a pesar de que ese grupo manifestou durante a campaña electoral que ían reducir nun 20% os gastos da Corporación municipal.

Conclúe dicindo que EU vai votar en contra.

Concedida a palabra a don Alfredo Rodríguez Abella, voceiro do BNG, manifesta que o seu grupo tamén vai votar en contra, xa que consideran suficiente unha periodicidade quincenal, e non cren que existan motivos nin políticos, nin organizativos que xustifiquen a súa celebración semanal. Di que a única xustificación é o soldo encuberto que vai recibir o concelleiro don Manuel Marante, 450 euros por reunión, máis de 23.000 euros/ano, un auténtico insulto aos veciños de Cambre e, ademais, un fraude de lei ao sistema público da Seguridade Social que se sostén entre todos.

Conclúe dicindo que o BNG vai votar en contra.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, manifesta que o seu voto tamén vai ser en contra. Considera escandalosa a postura do goberno local que presume de austeridade pero que despois non a leva á práctica. Todos saben que noutras lexislaturas as Xuntas de Goberno non tiñan contido, e o feito de que non teñan lugar non vai afectar á xestión de goberno nin vai ir en detrimento dos veciños. A razón de facelas é que un concelleiro do equipo de goberno que non vai cobrar dedicación poida cobrar por asistencias, 450 euros cada luns, por asistir a unha reunión de 10 minutos que non é necesaria para exercitar a acción da súa concellería. Por iso conclúe que lle parece escandaloso, vergonzoso e lamentable.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, concelleiro do GM, manifesta que algúns se escandalizan porque el vaia cobrar por asistir á Xunta de Goberno catro veces ao mes, pero que ninguén se escandaliza porque bote todo o día no concello, dende as

8:30 horas ata, ás veces, as 16:00 horas, ou que vaia polas tardes a atender a veciños.

Tampouco se escandalizaban cando nas pasadas lexislaturas se aprobaba o pago de asistencias a reunións que nesta lexislatura non se van facer por ser irregulares, como por exemplo a Xunta de Coordinación. Iso foi na anterior lexislatura, estando no goberno algún dos partidos que agora están aquí falando de temas bastante desagradables. Tamén tiñan un salario asignado os concelleiros que levaban a presidencia das Comisións Informativas, que agora non van ter.

Di que estando na oposición parece que cambia o sentir, xa que na pasada lexislatura cobraron medias dedicacións algúns concelleiros que ao principio cando estaban na oposición, dicían que non querían pluriemprego, pero que despois de meterse no goberno si lles valía o pluriemprego, cobrar media dedicación no concello e plena no seu traballo.

Continúa dicindo que, loxicamente, se traballa, el quere cobrar, sempre defendeu esa postura, estando na oposición e estando no goberno, quen traballa debe cobrar. Agora ben, o que a el lle parece lamentable é que se fale das cousas sen coñecemento de causa. El, agora mesmo, na súa situación laboral, está cotizando á Seguridade Social, bastante máis do que ao mellor algún deles está cotizando. Se el lle cotiza á Seguridade Social e lle pode aforrar ao concello que cotice por el, cunha media dedicación como teñen os demais compañeiros, non cre que estea facendo ningunha cousa rara, aínda lle aforra a Seguridade Social ao concello. O único que está facendo é cobrar polo seu traballo aproximadamente media dedicación, pero el se está enfermo ou de vacacións non cobra. Os que cobraban antes medias dedicacións ou dedicacións completas, si cobraban aínda que estiveran de vacacións ou por aí. Di que el ten que vir ás reunións, e ten que estar aquí. Os veciños saben moi ben que el está aquí, cando estivo no goberno estivo sempre aquí todos os días, atendéndoos, cousa que algúns, estando cobrando salarios, non facían.

Tamén quere recordarlles que el non pretende poñerse as botas no concello, pero tampouco vai vir facer o tonto por quedar ben ante a prensa ou ante os veciños.

Lémbrale ao voceiro do BNG que o concelleiro Xabier Iglesias cobraba máis do dobre por facer o mesmo traballo que vai facer el. Serán os veciños os que terán que decidir dentro de 4 anos, ou dentro de 2 ou de 1, quen facía mellor o traballo, o anterior concelleiro ou el.

Efectivamente é el o que vai cobrar por asistir á Xunta de Goberno Local, xa que os demais compañeiros xa cobran a media dedicación. Incrementouse ese importe porque se anulou as outras cousas que había, pero pode asegurarlles que os que estiveron estes dous últimos anos cobraban bastante máis tanto por asistencias como por media dedicación, do que vai cobrar el, e nunca lles oiu dicir que defraudasen.

Conclúe dicindo que o que teñen é que deixarse destas cousas e traballar, porque os

veciños de Cambre o que queren é que se traballe, que se lles fagan as cousas, e que os atendan, o demais pouco lles importa.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, manifesta que está de acordo co que dixo o Sr. Marante de que o que traballa ten que cobrar, e por iso lle invita a que colla unha dedicación parcial, o que aforre á Seguridade Social pola xubilación ou salario que agora ten, poderá usarse para pagar subsidios.

Engade que tamén está de acordo coa supresión das Xuntas de Coordinación, das que o Sr. Marante formaba parte na lexislatura 2003-2007.

O Sr. alcalde dille ao Sr. Baamonde que esta non é unha discusión persoal.

Don Manuel Marante Gómez manifesta que lle quere aclarar ao Sr. Baamonde que el non está cobrando nin un céntimo da Seguridade Social, nin do Estado, está cobrando unha prexubilación da empresa na que traballou, e quen paga é a empresa, tanto a Seguridade Social como o seu salario.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que para el o tema dos salarios nos concellos debería estar regulado por unha lei superior, que sería a forma de evitar este tipo de debates. Esa lei debería obedecer a criterios como os habitantes, os orzamentos e incluso a situación económica na que se atope o concello. Cre que vir a estes plenos, depender de maiorías ou de pactos, e caer ás veces en cuestións de tipo persoal, non é demasiado lexítimo.

Quere dicirlle ao concelleiro de Obras e Servizos que terá que demostrar se o seu labor é mellor ou peor que o do anterior concelleiro. En todo caso, esa parécelle unha xustificación bastante pobre, á política vense porque un quere, e os políticos deben ter un sentido vocacional, non vir aquí a cobrar boas axudas de custo e salarios.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez dille ao Sr. Taibo que eles están a falar do que vai cobrar el por vir ao concello todos os días, pero non falaron nada das asignacións que levan os concelleiros da oposición por asistir a Plenos, Comisións Informativas ou Xuntas de Voceiros, ou, ao mellor, algún que atende aos veciños no seu despacho un par de horas á semana, ou o que sexa. Di que sumadas as horas que el vai facer vindo todos os días, ao mellor multiplican por dez as horas dos concelleiros da oposición, pero el non vai cobrar dez veces o salario que cobran eles. Os concelleiros que non son do equipo de goberno cobrarán entre 300 e 400 euros ao mes, el vai cobrar algo máis, pero non dez veces máis, a pesar de que a dedicación é bastante superior en canto a tempo, ademais de ter unha responsabilidade, por estar gobernando, que eles non teñen.

Son os veciños os que van decidir dentro de 4 anos quen o fixo mellor ou peor, el non está falando de que o vaia facer mellor ou peor que ninguén, está dicindo que os veciños o valorarán, e tamén di que está cobrando menos que o que cobraban os anteriores

concelleiros que estiveron levando este traballo.

O Sr. alcalde manifesta que considera que o punto está debatido.

Don Luis Miguel Taibo Casás considera que se fixeron alusións graves cara ao seu grupo.

O Sr. alcalde sinala que teñen que continuar coa sesión.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que el ten que contestar, porque non lle vai permitir ao Sr. Marante que diga que eles veñen aquí a percibir un diñeiro que levan para casa.

O Sr. alcalde expón que todo o mundo sabe aquí o posto que ten cada un.

Don Luis Miguel Taibo Casás insiste en que ten que contestar ao Sr. Marante, e dicirle tanto a ese concelleiro como aos asistentes ao Pleno que os concelleiros de EU non levan nin un só céntimo para a súa casa, senón que o levan para o seu grupo municipal. As percepcións de EU están a disposición de calquera órgano fiscalizador do concello para que o comprobe. Pídelle ao Sr. Marante que non diga mentiras nin se xustifique desa maneira.

O Sr. alcalde dille ao Sr. Taibo que lle sacou a palabra dende un principio, e que este non é un problema persoal, que cada un ten o seu posto, ten a súa quenda de palabra e hai que respectalo. Considera que a proposta xa foi tratada e está lista para votala.

Don Alfredo Rodríguez Abella sinala que el non tivo dereito a réplica e que debería ter dereito a contestar.

O Sr. alcalde manifesta que este Pleno ten 12 puntos que hai que tratar, e pregúntalle ao voceiro do BNG que alusións se lle fixeron cando o certo é que el non estaba na anterior Corporación.

Don Alfredo Rodríguez Abella contesta que precisamente diso se trata, hai que aclarar esa situación porque agora esa xente non está aquí representada.

O Sr. alcalde considera que o que procede é votar a proposta, xa que calquera outra cousa vai supoñer enlear as cousas.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os tres concelleiros de UxC e o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM, e votan en contra os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG, e o concelleiro de Progresitas de Cambre integrante do GM.

A Corporación, por once votos a prol, acordou:

A Xunta de Goberno Local reunirase en sesión ordinaria todos os luns de cada mes, ás 10:00 horas, en primeira convocatoria. Se o citado día fora inhábil, terá lugar o seguinte día hábil á mesma hora.

5º Proposta de Alcaldía respecto da creación e composición das Comisións Informativas permanentes e da Comisión Especial de Contas

Vista a proposta da Alcaldía de data 4 de xullo de 2011.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo entende que a composición das Comisións, aínda sendo un pouco curtas, obedece ao planteamento que se quere levar. O que bota en falta, e agarda que a Comisión de Obras e Urbanismo recolla a competencia, é o traballo que hai que desenvolver para levar adiante o Plan xeral de ordenación municipal. Conclúe dicindo que o voto do seu grupo vai ser abstención.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o seu voto vai ser a prol.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que o seu grupo, por cuestión de porcentaxes, é o máis prexudicado nesta asignación de representantes, pero é así. Van votar abstención.

Concedida a palabra a don Alfredo Rodríguez Abella, voceiro do BNG, manifesta que o voto do seu grupo vai ser en contra, xa que aínda respectando a xurisprudencia existente, consideran que nun concello como Cambre as comisións deberían rexerse polo sistema de voto ponderado, para facelas máis operativas. Parece ser que non é posible.

Ademais, visto o visto no conxunto de propostas que o goberno do PP e UxC trae hoxe ao Pleno, moito se temen que as Comisións Informativas serán meros trámites legais carentes do máis mínimo contido político e institucional. Polo tanto, o seu voto vai ser en contra.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que como ben dixo o voceiro do BNG non é posible empregar o sistema de voto ponderado, por iso non se fixo.

En canto á inquedaanza amosada polo voceiro do PSdeG-PSOE, dille que, efectivamente, a súa intención é recoller dentro da Comisión de Obras e Urbanismo todas as reunións que teñan co resto de grupos en relación co Plan xeral.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, pregunta cal é o motivo de que non se poida usar o voto ponderado nas Comisións.

A Sra. secretaria da Corporación responde que a Lei de administración local de Galicia debe considerarse modificada pola Lei de bases de réxime local, que esixe a proporcionalidade no art. 20.1 c).

Don José Antonio Baamonde López pregunta se respecto hai uns meses se ten modificado algo a lexislación neste aspecto, xa que na anterior lexislatura estiveron usando o voto ponderado nas Comisións.

A Sra. secretaria da Corporación contesta que se utilizou durante uns meses.

Don José Antonio Baamonde López solicita aos servizos xurídicos do Concello de Cambre un informe de por que se estivo usando ese tipo de votación cando parece ser que é ilegal.

A Sra. secretaria sinala que como noutros concellos, pero que se pode e debe rectificar se se observa que houbo unha equivocación.

Don José Antonio Baamonde López conclúe que, en todo caso, o seu voto vai ser abstención.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que ao comezo da anterior lexislatura creouse unha Comisión Especial para o Plan xeral de ordenación municipal, que máis adiante se decidiu integrar na Comisión de Urbanismo. Pregunta se esta vai a ser a dinámica que van seguir agora.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta que un pouco recollendo a experiencia do ano pasado, onde se creou unha Comisión Especial do PXOM e outra de Participación que practicamente nin sequera se chegaron a reunir, este ano non consideraron oportuno facelo, aínda que no caso de que xurda a necesidade poderán falar do tema. A intención deste goberno é convocar unha reunión da Comisión de Obras e Urbanismo cada vez que teñan a necesidade de falar dalgún tema do Plan xeral.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que lle gustaría contestar ao voceiro do BNG para dicirle que se está equivocando, que UxC votará a prol, é o seu dereito, do que o seu partido e os seus afiliados consideren que teñen que votar a prol, e votarán en contra do que teñan que votar en contra. Di que é o seu dereito e eles o decidiron de forma asemblearia no seu partido, non o decide o voceiro nin os outros dous compañeiros presentes. Deciden de forma asemblearia que é o que van votar en cada Pleno, e así van a seguir facéndoo. Pídelle que non dea por feito que van votar a prol de todo.

Conclúe dicindo que non quixeron entrar no goberno, non quixeron un pacto de goberno, polo tanto pídelle que non dea por feito que van votar todo que si a este goberno.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os tres concelleiros de UxC e o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM, votan en contra os dous concelleiros do BNG e abstéñense os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de EU, e o concelleiro de Progresitas de Cambre integrante do GM.

A Corporación, por once votos a prol, acordou:

Primeiro: De conformidade co establecido no artigo 20.1 c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, e artigo 59.2 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, créanse catro Comisións Informativas permanentes de estudo, informe, consulta e seguimento, coa seguinte denominación:

1. **Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda:** Ditaminará os asuntos correspondentes á área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación, e á área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo.

2. **Comisión Informativa de Obras, Servizos e Urbanismo:** Ditaminará os asuntos correspondentes á área de Obras e Servizos, e á área de Urbanismo e Medio Ambiente.

3. **Comisión Informativa de Educación, Deportes, Xuventude e Benestar Social:** Ditaminará os asuntos correspondentes á área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación, e á área de Deportes, Xuventude e Voluntariado.

4. **Comisión Informativa de Seguridade Cidadá, Mobilidade, Cultura e Turismo:** Ditaminará os asuntos correspondentes á área de Presidencia e á área de Cultura e Turismo.

Segundo: Cada unha delas estará integrada por doce membros, coa seguinte adscrición por cada grupo municipal segundo a súa representatividade no Pleno: 4 do PP, 3 do PSdeG-PSOE, 2 de UxC, 1 de EU, 1 do BNG e 1 do GM.

Terceiro: As comisións informativas permanentes reuniranse en sesión ordinaria o martes anterior ao día que teña lugar o pleno ordinario, ás 20:00 horas. Se o citado día fora inhábil, terán lugar o seguinte día hábil á mesma hora.

Cuarto: De conformidade co establecido no artigo 20.1 e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, e artigo 59.2 c) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, créase a **Comisión Especial de Contas**, que ten por obxecto o exame, estudo e informe da Conta Xeral do concello.

Estará integrada por doce membros, coa mesma adscrición por cada grupo municipal que as Comisións Informativas permanentes de estudo, informe, consulta e seguimento, e reunirse cando sexa convocada para emitir o informe á Conta Xeral.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 80 c) do Regulamento orgánico municipal, a adscrición concreta a cada comisión dos membros da Corporación que

deban formar parte dela, en representación de cada grupo, realizárase mediante escrito do voceiro do grupo dirixido ao alcalde e presentado no Rexistro de Entrada do concello. Poderá designarse, de igual xeito, un suplente por cada titular. Presentárase o citado escrito no prazo de cinco días hábiles contados dende a adopción dos anteriores acordos.

6º Coñecemento das resolucións de Alcaldía en materia de: membros da Xunta de Goberno Local, nomeamento de tenentes de alcalde e delegacións de atribucións pola Alcaldía en membros da Xunta de Goberno Local

Os Sres. concelleiros danse por informados das Resolucións de Alcaldía de data 17 de xuño de 2011, que se transcriben literalmente a continuación:

A) Resolución núm. 997/2011 de nomeamento de membros da Xunta de Goberno Local:

“O pasado 11 de xuño constituíuse a nova Corporación municipal saída das eleccións celebradas o pasado 22 de maio.

Por Resolución desta mesma data, creáronse as áreas de goberno local, en uso das competencias de dirección do goberno e da administración municipal atribuídas ao alcalde polos artigos 21.1 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, artigo 61.1 b) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia e artigo 44.1 a) do Regulamento orgánico municipal.

O artigo 20.1 b) da Lei 7/1985 e o artigo 59.2 b) da Lei 5/1997 establecen que existirá a Xunta de Goberno Local en todos os municipios cunha poboación de dereito superior a 5000 habitantes.

O artigo 65.1 da Lei 5/1997 e artigos 68 e 69 do Regulamento orgánico municipal, establecen que a Xunta de Goberno Local estará integrada polo alcalde e un número de concelleiros non superior ao terzo do número legal deles, nomeados ou separados libremente polo alcalde, polo que, no caso de Cambre, o número máximo de concelleiros que poden ser designados membros da Xunta de Goberno Local é de 7, equivalente á terceira parte dos 21 membros da Corporación.

Facendo uso da citada atribución, RESOLVO:

Primeiro: Designar como membros da Xunta de Goberno Local aos concelleiros que a seguir se relacionan:

- Dona M^a Jesús González Roel
- Don Felipe Andreu Barallobre
- Dona Rocío Vila Díaz
- Don Fernando Caride Suárez

- Dona Marta María Vázquez Golpe
- Don Santiago Manuel Ríos Rama
- Don Manuel Marante Gómez

Segundo: En virtude do establecido no artigo 65.1 da Lei 5/1997 e artigos 41.d) e 69.2 do Regulamento orgánico municipal, comuníquese esta resolución ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar, notifíquese persoalmente aos designados para os efectos da súa aceptación, e publíquese no Boletín Oficial da Provincia.

O carácter de membro da Xunta de Goberno Local é voluntario, polo que esta resolución require, para ser eficaz, a súa aceptación.

Enténdese que hai aceptación tácita do nomeamento se, no prazo de tres días hábiles contados dende a notificación persoal, o/a concelleiro/a non fai manifestación expresa ante o alcalde de que non acepta a designación.”

B) Resolución núm. 998/2011 de nomeamento de tenentes de alcalde:

“O artigo 20.1 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 5.2 a) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, establecen que os tenentes de alcalde existirán en todos os concellos.

Os artigos 61.2 e 62 da Lei 5/1997 e artigo 58 do Regulamento orgánico municipal, establecen que os tenentes de alcalde serán libremente nomeados polo alcalde de entre os membros da Xunta de Goberno Local, e o número de tenentes de alcalde non poderá exceder do número de membros dela.

Por resolución desta mesma data, por esta Alcaldía efectuouse a designación dos membros da Xunta de Goberno Local.

Facendo uso da citada atribución, RESOLVO:

Primeiro: Designar tenentes de alcalde aos concelleiros que compoñen a Xunta de Goberno Local e segundo a orde que a seguir se relaciona:

- 1º Dona Mª Jesús González Roel
- 2º Don Manuel Marante Gómez
- 3º Don Felipe Andreu Barallobre
- 4º Dona Rocío Vila Díaz
- 5º Don Fernando Caride Suárez
- 6º Dona Marta María Vázquez Golpe
- 7º Don Santiago Manuel Ríos Rama

Segundo: A teor do establecido no artigo 63 da Lei 5/1997 e artigo 60 do Regulamento orgánico municipal, correspóndelles aos tenentes de alcalde, en canto tales, substituír na

totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, ao alcalde, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este para exercer as súas atribucións, así como desempeñar as funcións do alcalde nos supostos de vacante na Alcaldía ata que tome posesión o novo alcalde.

Terceiro: De conformidade co establecido nos artigos 41.d) e 58 do Regulamento orgánico municipal, comuníquese esta resolución ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar, notifíquese persoalmente aos designados para os efectos da súa aceptación, e publíquese no Boletín Oficial da Provincia.

O nomeamento requirirá, para ser eficaz, a súa aceptación.

Enténdese que hai aceptación tácita do nomeamento se, no prazo de tres días hábiles contados dende a notificación persoal, o/a concelleiro/a non fai manifestación expresa ante o alcalde de que non acepta a designación.”

C) Resolución núm. 999/2011 de delegación de atribucións pola Alcaldía en membros da Xunta de Goberno Local:

“Os artigos 21.3 e 23.4. da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, artigo 61.3 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, e 47 e seguintes do Regulamento orgánico municipal, establecen que o alcalde pode delegar o exercicio de determinadas atribucións mediante delegacións xenéricas a prol dos tenentes de alcalde e dos membros da Xunta de Goberno Local.

Tendo en conta as resolucións desta mesma data, polas que se crearon as áreas de goberno local e se efectuou o nomeamento dos membros da Xunta de Goberno Local e dos tenentes de alcalde.

Tendo en conta que segundo establece o artigo 61.4 da Lei 5/1997 e artigo 50 do Regulamento orgánico municipal, o acordo de delegación determinará o ámbito dos asuntos a que se refire a delegación, as facultades ou potestades que se deleguen, así como as condicións específicas do exercicio delas.

Facendo uso da citada atribución, RESOLVO:

Primeiro: Conferir delegacións xenéricas a prol dos tenentes de alcalde que a seguir se relacionan, para as áreas que igualmente se sinalan, integradas polos servizos e actividades municipais relativos ás materias reflectidas na resolución de Alcaldía de creación das áreas de goberno local, desta mesma data:

- Delegación a prol da primeira tenente de alcalde: a área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación
- Delegación a prol do segundo tenente de alcalde: a área de Obras e Servizos

- Delegación a prol do terceiro tenente de alcalde: a área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación
- Delegación a prol da cuarta tenente de alcalde: a área de Urbanismo e Medio Ambiente
- Delegación a prol do quinto tenente de alcalde: a área de Deportes, Xuventude e Voluntariado
- Delegación a prol do sexto tenente de alcalde: a área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo
- Delegación a prol do sétimo tenente de alcalde: a área de Cultura e Turismo

Segundo: De conformidade co establecido no artigo 48 do Regulamento orgánico municipal, as delegacións xenéricas a prol dos tenentes de alcalde, e respecto da súa área, comprenden:

a) A delegación do exercicio das competencias que a esta Alcaldía lle son atribuídas e que poden ser delegadas a teor do establecido no artigo 21.1 e 3. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, incluíndo a facultade de dirixir os servizos contidos en cada área, a facultade de xestionalos en xeral, así como a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros. Inclúese expresamente a facultade de ditar as resolucións que procedan nos procedementos de execución forzosa dos actos administrativos ditados en uso da delegación conferida.

b) A concesión de subvencións a particulares en materias incluídas dentro do seu ámbito de delegación, de acordo co que dispoñan as normas en vigor e as bases de execución do orzamento. Neste caso, a facultade de concesión de subvencións leva engadida a de aprobar o gasto correspondente.

c) O exercicio da postestade sancionadora nas materias comprendidas dentro da área de goberno.

Terceiro: A Alcaldía asumirá directamente a dirección da área de Presidencia e o exercicio das competencias relacionadas coas materias atribuídas á dita área e, en xeral, e de xeito residual, os servizos e actividades e aquelas funcións que non estean asignadas a unha concreta área de goberno.

Igualmente quedan reservadas a esta Alcaldía o recoñecemento e liquidación de obrigas, a ordenación do pago e o pagamento material, así como a aprobación das contas xustificativas dos fondos librados “a xustificar” e dos “anticipos de caixa fixa”. Nos supostos de ausencia ou enfermidade, o coñecemento e resolución destes asuntos corresponderá á concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo.

Cuarto: A Alcaldía conserva as facultades de tutela que se transcriben a seguir:

- a) A de recibir información detallada da xestión da competencia delegada e dos actos ou disposicións enumerados en virtude da delegación.
- b) A de ser informado previamente a que se adopten decisións de trascendencia.
- c) O exercicio das accións xudiciais e administrativas e a resolución dos recursos de reposición que se poidan interpoñer contra as resolucións ditadas en uso das facultades delegadas.

Quinto: De conformidade co establecido no art. 50.2 do ROM, a delegación requirirá, para ser eficaz, a súa aceptación por parte do concelleiro delegado. Enténdese aceptada tacitamente se no termo de tres días hábiles contados dende a notificación persoal, o concelleiro non fai manifestación expresa ante o alcalde de que non acepta a delegación, todo iso sen prexuízo da preceptiva publicación do Boletín Oficial da Provincia, e da debida comunicación ao Pleno na primeira sesión que teña lugar.

As delegacións, unha vez aceptadas, entenderanse vixentes mentres non sexan revogadas expresamente ou o órgano delegante avoque para si algún asunto concreto na forma establecida pola Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Nos documentos que deban firmar os concelleiros delegados no exercicio da delegación farase constar a data da Resolución de Alcaldía pola que se efectuou a delegación.

Sexto: Notifíquese persoalmente aos interesados, publíquese no Boletín Oficial da Provincia, e déase conta ao Pleno na seguinte sesión que teña lugar.”

7º Proposta de Alcaldía respecto do nomeamento de representantes da Corporación en órganos colexiados

Vista a proposta da Alcaldía de data 6 de xullo de 2011.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que é potestade do equipo de goberno nomear aos representantes do concello nos órganos colexiados, e será o tempo o que demostre a eficacia e o cumprimento nas súas funcións. Así mesmo, agarda que se poña a funcionar o Consello Escolar Municipal, unha cuestión que reclamou o seu grupo insistentemente ao longo da anterior lexislatura.

Concedida a palabra a don Alfredo Rodríguez Abella, voceiro do BNG, manifesta que o seu grupo vai votar en contra, xa que consideran que esta proposta debería estar reformulada para dar cabida aos concelleiros de UxC por formar parte dun pacto de goberno encuberto.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que non merece a pena intervir.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os tres concelleiros de UxC e o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM, votan en contra os dous concelleiros do BNG e abstéñense os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de EU, e o concelleiro de Progresitas de Cambre integrante do GM.

A Corporación, por once votos a prol, acordou:

Primeiro: Nomear representante do concello na Asemblea intermunicipal da Mancomunidade de municipios da área da Coruña ao alcalde don Manuel Rivas Caridad, e como suplente a don Felipe Andreu Barallobre.

Segundo: Nomear representante do concello na Comisión xestora da Mancomunidade de municipios da área da Coruña a don Felipe Andreu Barallobre.

Terceiro: Nomear representante do concello no Consorcio As Mariñas ao alcalde don Manuel Rivas Caridad, e como suplente a don Felipe Andreu Barallobre.

Cuarto: Nomear representante do concello no Consello Escolar Municipal a dona M^a Jesús González Roel.

Quinto: Nomear representante do concello nos consellos escolares aos concelleiros que a continuación se relacionan, para os centros que igualmente se indican:

- Escolas de educación infantil de Cecebre, Pravio e Sta. M^a de Vigo: dona Rocío Vila Díaz
- CEIP Graxal (Graxal – O Temple): dona M^a Jesús González Roel
- CEIP Portofaro (O Temple): don Fernando Caride Suárez
- CEIP Emilio González López (Brexo): dona M^a Jesús González Roel
- CEIP Gonzalo Torrente Ballester (Sigrás): don Santiago Manuel Ríos Rama
- CEIP Wenceslao Fernández Flórez (Cambre): dona Rocío Vila Díaz
- IES Afonso X O Sabio (A Barcala-Cambre): dona Marta María Vázquez Golpe
- IES David Buján (Sigrás): don Santiago Manuel Ríos Rama

Sexto: Nomear representante do concello na Comisión de Escolarización, curso 2011-2012 a dona M^a Jesús González Roel.

Sétimo: Nomear representante do concello no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade ao alcalde don Manuel Rivas Caridad, e como suplente a dona Marta María Vázquez Golpe.

Oitavo: Nomear representante do concello no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar a dona M^a Jesús González Roel, e como suplente a don Fernando Caride Suárez.

Noveno: Nomear representante do concello no Consello de participación da escola infantil a dona M^a Jesús González Roel, e como suplente a don Fernando Caride Suárez.

Décimo: Nomear representante do concello no Proder II Terra das Mariñas a don Fernando Caride Suárez, e como suplente a dona M^a Jesús González Roel.

Décimo primeiro: Nomear representante do concello na Asociación Grupo de Acción Costeira “Golfo Ártabro” a dona Rocío Vila Díaz, e como suplente a don Manuel Marante Gómez.

Décimo segundo: Nomear representante do concello no Grupo de Desenvolvemento Rural GDR-29 “Mariñas-Betanzos” a dona Rocío Vila Díaz, e como suplente a don Manuel Marante Gómez.

Décimo terceiro: Nomear representante do concello na Fundación Wenceslao Fernández Flórez a don Santiago Manuel Ríos Rama.

Décimo cuarto: Nomear representantes da Corporación na Xunta Local de Protección Civil ao alcalde don Manuel Rivas Caridad, á concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación, ao concelleiro delegado da área de Obras e Servizos e á concelleira delegada da área de Urbanismo e Medio Ambiente, mantendo a designación do persoal técnico municipal, así como dos representantes doutros organismos, efectuada por acordo do Pleno da Corporación de 27 de abril de 2006.

Décimo quinto: Nomear representantes da Corporación na Mesa de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero ao alcalde don Manuel Rivas Caridad e á concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación, mantendo a designación do persoal técnico municipal, así como dos representantes doutros organismos, efectuada por acordo do Pleno da Corporación de 26 de agosto de 2010.

Décimo sexto: Nomear representantes da Corporación na Mesa Local de Comercio ao alcalde don Manuel Rivas Caridad, á concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo e á responsable da Axencia de Desenvolvemento Local do Concello de Cambre, mantendo a designación dos representantes doutros organismos efectuada por acordo do Pleno da Corporación de 25 de marzo de 2011.

8º Proposta de aprobación do número, características e retribucións do persoal eventual

Vista a proposta de Alcaldía que consta da seguinte parte dispositiva:

“Primeiro: Aprobar a modificación dos postos de traballo de persoal eventual existentes, segundo fichas que se achegan á presente proposta e como a continuación se indica:

Nº de postos	Posto	Grupo Subgrupo	Complemento de destino	Complemento específico anual en 14 pagas
1	Asesor/a	A-A1	25	14.663,74
1	Asesor/a	A-A2	24	7.096,48
1	Secretario/a do equipo de goberno	C-C1	22	4.822,42

Segundo: A contía das retribucións fixadas na alínea anterior será actualizada segundo sinala a Lei de orzamentos xerais do Estado para todo o persoal ao servizo do sector público.”

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta en relación coa proposta presentada, que o anterior goberno bipartito de Cambre deixou contratada xusto 1 mes antes das eleccións, o 20 de abril, a unha empresa por dous anos para realizar as funcións de xefatura de prensa. Di que a eles non lles parece razoable que se contrate a unha persoa, que evidentemente é de confianza dun goberno, mediante un contrato administrativo. Pode ter ou non cobertura legal, pero non lles parece de recibo que se teña tomado esa decisión.

Polo tanto, a postura do equipo de goberno vai ser rescindir o contrato e substituílo por unha persoa de confianza, para que o xefe de prensa deste goberno cese no momento en que cese o goberno de Cambre. Se o ano que vén os partidos da oposición deciden presentar unha moción de censura, serán eles os que presenten e nomeen ao seu persoal de confianza e ao seu xefe de prensa.

Tendo en conta isto, o gasto de persoal eventual mantense como estaba na anterior lexislatura. Eran 56.000 euros na pasada lexislatura, agora son 88.000, pero a partida da que se estaba pagando a esa empresa é de 32.000 euros, polo tanto, o gasto por estes conceptos quedaría equilibrado.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que diverxen do manifestado polo voceiro do grupo popular, e respecto do tema da moción de censura pensa que está fóra da orde do día. Pídelle que non se precipite, que haberá tempo para todo, pero non para comezar nun primeiro Pleno de organización con ese tipo de manifestacións.

En canto ao número de persoal eventual, na anterior lexislatura eran dous, o que consideran máis que suficiente, de feito iso foi o que se lles transmitiu nunha reunión de voceiros que se mantivo o día 5 de xullo. Nesa reunión comunicóuselles unha serie de intencións por parte do equipo de goberno, pero parece que cambiaron bastante. Tamén quere dicir que é a única reunión que se mantivo co resto de grupos para intentar consensuar unha serie de temas, consenso que non se acadou.

Di que agora se atopan co incremento dunha terceira praza de persoal eventual cun posible xefe ou responsable de prensa. Evidentemente iso representa un incremento da partida destinada a persoal eventual, porque tendo en conta que como ben dixo o voceiro do PP xa está contratado levar a comunicación do municipio e do equipo de goberno en particular, a rescisión dese contrato terá que ser indemnizada, o que suporá un custo. O único que se produce é un incremento dos custos de persoal eventual e dos custos de gasto de persoal.

Fíxose ostentación de criterios de austeridade á hora de facer este tipo de propostas, pero polo que se ve, e verán nos seguintes puntos, a austeridade aplícase a uns en detrimento doutros, que ven incrementadas as súas retribucións máis alá dos criterios establecidos na anterior lexislatura.

Conclúe dicindo que, pola súa parte, xa solicitaron anteriormente que estes puntos con contido económico, ou aqueles nos que é necesario un labor de consenso, de diálogo entre todas as forzas políticas, se retiren da orde do día. Volven reiterar esa petición con respecto a este punto, xa que pensan que é necesario unha reunión de todos os voceiros para facer unha formulación común do que son as liñas que se queren levar a cabo no futuro e, evidentemente, se esta retirada non se leva á práctica, o seu voto vai ser en contra.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o primeiro que lle gustaría saber é canto lles vai custar aos veciños de Cambre a rescisión dun contrato cunha empresa que ten contrato en vigor co concello. Polo tanto, está de acordo co voceiro do partido socialista en deixar este tema sobre a mesa para unha próxima Xunta de Voceiros.

Cre que primeiro teñen que saber canto lles custa rescindir o contrato, non só equiparar o que vai gañar o persoal de confianza cos gastos do 2010, e despois tomarán a decisión de se é necesario ou non un posto de confianza máis.

Está de acordo co grupo de goberno en que o xefe de prensa ten que ser un posto de confianza que cese e marche ao mesmo tempo que o goberno, e non está de acordo co que fixo o anterior goberno que no mes de abril crea un contrato para dous anos. Considera lóxica a postura do PP neste caso, xa que goberna e quere ter o seu persoal de confianza, co seu xefe de prensa, pero tamén é verdade que teñen que saber canto lles vai custar rescindir o contrato coa empresa actual.

Conclúe dicindo que, polo tanto, el tamén solicita que se deixe sobre a mesa este punto para tratar na vindeira Xunta de Voceiros.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta que o custo vai ser 0. Di que mañá van ter unha reunión para acordar a rescisión de mutuo acordo, e non vai haber ningún custo para o concello.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que se a reunión para acordalo é mañá, entón de momento o custo non é 0.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, considera que neste punto é a Sra. interventora a que mellor pode clarificar o custo das actuacións. Eles observan que hai un aumento de persoal eventual, un aumento tamén substancial do que van ser as retribucións e, no mesmo sentido que xa se pronunciou o partido socialista, tamén eles piden que este punto quede enriba da mesa, que se reúnan todos os grupos e que entre todos decidan que tipo de gabinete de prensa queren. Se non se fai así, votarán en contra.

Concedida a palabra a don Alfredo Rodríguez Abella, voceiro do BNG, manifesta que o seu grupo tamén propón a celebración dunha Xunta de Voceiros para definir este asunto, unha vez se coñeza o custo da rescisión do contrato.

Tamén aproveita para comentar que este é un bo punto para facer bandeira da austeridade, e incluso para facer apoloxía do funcionariado do concello, porque ao mellor non habería que ter tantos postos de confianza e realmente os brillantes funcionarios que hai poderían levar tranquilamente esa carga.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, manifesta que queda asombrado porque durante as eleccións municipais o PP cansouse de presumir e de pregonar a xestión que ía efectuar unha vez estivera no goberno e o aforro que ía levar ás arcas municipais, a austeridade coa que ía gobernar, e o que ve é que aínda por enriba non se conforman con ter dúas persoas de confianza como tiñan na anterior lexislatura, senón que aumentan outra máis.

Di que non se dan conta de que o equipo de goberno está formado por 8 concelleiros de 21, e que para sacar os puntos adiante terán que reunirse cos voceiros dos diferentes grupos, para tratar de consensuar todos os puntos.

En relación co gabinete de comunicación el non sabe se é ou non de confianza, pero supón que o anterior goberno estaba totalmente lexitimado, e imaxina que o contrato terá o visto e prace dos servizos xurídicos e da Intervención municipal, polo que cre que haberá que respectar eses acordos.

Conclúe dicindo que pide que este asunto quede sobre a mesa, ou en caso contrario o seu voto será en contra.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta que do tema da austeridade van poder falar no seguinte punto, onde se vai ver que os salarios do goberno vanse reducir un 22 % e os da oposición vanse aumentar un 41%.

No tema dos eventuais ten que dicir que a marxe é mínima, agora mesmo faise necesaria unha praza de asesor de proxectos para coordinar a actividade de todas as áreas municipais, e outra de secretaria de Alcaldía, sobre todo enfocada a manter ese contacto que estes días, precisamente pola súa falta, non puideron ter coa oposición. A idea é mellorar a situación, porque efectivamente queren ter un diálogo moitísimo máis fluído cos grupos, e para iso necesitan ter a esa persoa, para eles poder dedicarse ás tarefas de goberno. O responsable de prensa xa é unha decisión política deste goberno que sexa unha persoa de confianza en vez dun contrato. Non se vai aumentar o gasto, vanse compensar unhas partidas con outras.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno manifesta que non é habitual, ou en todas partes non se produce, que o gabinete de prensa se leve por persoal de confianza, sen ir máis lonxe nunha administración cun orzamento tan grande como é a Deputación Provincial, o gabinete de prensa está levado por funcionarios. Polo tanto, non consideran que sexa obrigatorio que o gabinete de prensa, non só a comunicación do equipo de goberno senón da Corporación en xeral, se leve por persoal de confianza.

Conclúe dicindo que manteñen a súa posición.

Don José Antonio Baamonde López sinala que hai funcionarios no concello ben cualificados para levar a cabo ese traballo.

O Sr. alcalde contesta que esa é unha opinión persoal, e que se el lle pregunta cantos funcionarios hai neste concello, ao mellor non lle sabe contestar.

Don José Antonio Baamonde López contesta que sobre 200.

O Sr. alcalde di que sobre 200 andan, e non lle quere dicir cantos contratos asinados hai dende o mes de abril, cun goberno en funcións, ata o mes de xullo, contratos que atan os pés a calquera goberno.

Explica que estes postos xa estaban creados polo goberno anterior, dous postos de confianza e o contrato de gabinete de prensa por dous anos, asinado o 20 de abril, e que van conseguir rescindir sen custo ningún.

En todo caso, el sempre presumiu, e vai seguir facéndoo, de diálogo coa oposición e, polo tanto, vai deixar este punto sobre a mesa.

9º Proposta de Alcaldía para constituír como órgano complementario a Xunta de Voceiros

Vista a proposta da Alcaldía de data 6 de xullo de 2011.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta o voto afirmativo do seu grupo, xa que pensan que a Xunta de Voceiros, nunha composición da Corporación como a presente, ten moita importancia e, dende logo, considera que vai ser o sitio onde van poder chegar aos consensos e ao diálogo necesario para sacar adiante os grandes temas que se presentan no futuro de Cambre.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o seu voto tamén vai ser a prol.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que eles teñen que facer unha valoración do que significou a Xunta de Voceiros nos últimos catro anos, consideran que é un órgano útil e, por conseguinte, van votar a prol.

Concedida a palabra a don Alfredo Rodríguez Abella, voceiro do BNG, manifesta que eles tamén van votar a prol.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, manifesta que o seu voto tamén vai ser favorable porque ademais cre que é un órgano necesario, como se está a ver neste Pleno.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que simplemente quere lembrarllas que dado o acordo adoptado respecto da data de celebración das sesións do Pleno, a primeira sesión da Xunta de Voceiros terá lugar pasado mañá.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG, e os dous concelleiros do GM.

A Corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, acordou:

Primeiro: Constituír, como órgano complementario do Concello de Cambre, a Xunta de Voceiros, que estará integrada e terá as atribucións que se establecen no artigo 89 do Regulamento orgánico municipal.

Segundo: Reunirse, en sesión ordinaria, o xoves anterior ás sesións ordinarias das comisións informativas e pleno, ás 09:00 horas. Se o citado día fose inhábil, a sesión terá lugar o anterior día hábil á mesma hora. Estas sesións terán por obxecto, principalmente, asistir e asesorar ao alcalde na súa condición de presidente do Pleno, especialmente na confección da orde do día dos plenos, iso sen prexuízo de incluír outros asuntos, de conformidade co establecido no artigo 89.2 a) e b) do Regulamento orgánico municipal.

10º Proposta de Alcaldía respecto da determinación dos cargos da Corporación a desempeñar en réxime de dedicación parcial, as súas retribucións, réxime de dedicación, así como fixación das contías a percibir en concepto de asistencias e indemnizacións

Vista a proposta da Alcaldía de data 7 de xullo de 2011.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que o custo deste novo goberno, en relación co anterior goberno de Cambre nos dous últimos anos, suporá un aforro neto de cerca de 55.000 euros anuais, iso é un 22% menos do que custaba o goberno na pasada lexislatura.

Por outro lado, a oposición, que na pasada lexislatura tiña algunhas asignacións similares ás que teñen agora, verá incrementado o gasto en preto dun 41%. Di que esa é a proposta que levan a Pleno, en total o aforro anual de todos os políticos, tanto de goberno como de oposición, será de aproximadamente 20.000 euros/ano, que soportará integramente o goberno xa que a redución será de case 55.000 euros anuais.

Continúa dicindo que isto é o que eles chaman austeridade. Cren que todos os políticos teñen a obriga de apostar pola austeridade, pero nestes momentos de crise non só e unha obriga, tamén é unha necesidade, unha necesidade porque o anterior goberno de Cambre deixoulles unha débeda encuberta de preto dun millón de euros, case 700.000 euros de déficit, de diñeiro que gastaron máis do que ingresaron na pasada lexislatura o goberno do PSOE e do BNG, e 270.000 euros que comprometeron coa Xunta de Galicia na pasada lexislatura e que a Xunta obriga a ingresar a principios do mes de setembro. Son 270.000 euros que, como se poden imaxinar, non teñen, e terán que buscar forma de abonalos.

Conclúe dicindo que a situación agora mesmo é esa e que a súa aposta pola austeridade é a que é.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que ten que comezar case polo final da intervención do voceiro do PP. Entende que dese déficit do que fala dun millón de euros, que evidentemente é un tema que vai fóra da orde do día, e do cal o concelleiro falou dunha forma bastante gratuíta, dende logo se lles dará información de a que obedece, porque o papel o aguanta todo, pero cando entren a pormenorizar sobre as cifras, ao mellor non o entenden así.

Cinguíndose ao que é o seu costume, que é falar do punto da orde do día, el vai ser politicamente incorrecto para os tempos que corren. É frecuente que por parte dos grupos da oposición se diga que as retribucións son excesivas e esas cousas, pero el, en concreto, no que se refire á retribución do Sr. alcalde, pensa que é insuficiente. É insuficiente, pero tamén consideran que é insuficiente a dedicación que quere dar á presidencia deste concello nestes tempos. El entende que o alcalde de Cambre ten que

ter unha dedicación exclusiva e unha retribución adecuada á súa dedicación e ás posibilidades orzamentarias do municipio.

Preocúpalle que o Sr. alcalde queira retribuírse o seu traballo soamente con media dedicación, porque como dixo non é a dedicación que necesita Cambre, todo iso unido á dedicación que lle vai supoñer, ter que levar as súas innumerables responsabilidades, tanto persoais como políticas, ou sexa, as súas empresas e tamén o feito de ser deputado provincial. Preocúpalle que non se poidan atender adecuadamente as necesidades do municipio.

Por iso pídlle ao Sr. alcalde que se comprometa directamente co municipio de Cambre, que se comprometa co futuro de Cambre, asignándolle o Pleno unha dedicación exclusiva acorde coas súas responsabilidades e, evidentemente, coas retribucións que teña que levar consigo.

No que se refire ás retribucións dos seis concelleiros que conforman na actualidade o equipo de goberno non están de acordo, xa que non ten sentido que se retribúan seis concellerías cando hai soamente catro comisións informativas ou catro grandes áreas de xestión. A súa proposta sería que houbera soamente catro concelleiros con media dedicación e que o alcalde tivera dedicación exclusiva.

Por último tamén quere dicir que, en canto ás asignacións que se establecen por asistencia a Plenos, Xuntas de Voceiros e Comisións Informativas, a austeridade brilla pola súa ausencia, porque non sabe onde está a austeridade de subir as asistencias á Xunta de Goberno Local de 190 euros, como eran na anterior lexislatura, a 450 euros.

Di que están no de sempre, incremento das retribucións para o equipo de goberno, e mantemento das retribucións aos grupos da oposición. Vaise cobrar o mesmo, non sabe de onde saca o voceiro do PP que hai un incremento do 41% nas retribucións aos grupos da oposición, porque se a Corporación é a mesma formada por 21 concelleiros, e as cantidades asignadas para Plenos, Comisións Informativas e Xuntas de Voceiros é a mesma, non saen os números por ningunha parte, unicamente que sexa tendo en conta a Xunta de Goberno Local que iso si beneficia soamente a un concelleiro desta Corporación.

Nese sentido, unha vez máis, reitera que este é un tema que debería quedar sobre a mesa, cre que procede un diálogo, a busca dun consenso, e o seu voto, sen non é así, vai ser un voto negativo.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o seu grupo vai votar a prol da proposta, primeiro porque se reducen os gastos do goberno en 55.000 euros aínda que tamén lle gustaría saber de onde saca o Sr. Andreu un 41% máis de gasto na oposición, porque a el non lle saen as contas. En todo caso, van reducir nos gastos de goberno con respecto á lexislatura pasada.

Di que eles o que queren é que se governe en Cambre, e que lle van dar as armas ao Sr. alcalde para que governe en Cambre. É un voto de confianza, son as armas necesarias que necesita, pero é un voto de confianza ata os vindeiros orzamentos. Son 6 meses onde o Sr. alcalde e o seu goberno teñen que demostrar aos veciños de Cambre que van facer todo aquilo que din que van facer, a dedicación necesaria, o traballo necesario, para sacar a Cambre do pozo no que está neste momento.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que quere comezar a súa intervención lembrando as palabras do Sr. alcalde no Pleno de investidura e posteriormente tamén as dos concelleiros de EU. Falábase, entre outras cousas, de transparencia, de diálogo, negociación e participación. Di isto porque dende o goberno ignoraron á súa formación política na rolda de xuntanzas que se mantiveron con outros grupos municipais, o que consideran un desprezo para a súa organización e para o conxunto dos veciños e veciñas de Cambre que representan.

Di que o goberno pode reunirse con quen estime oportuno, pero non debe esquecer que os concelleiros de EU non son simplemente os representantes das persoas que lles votaron, senón que representan a toda a cidadanía de Cambre, á marxe da opción política que votaran ou deixaran de votar.

Nese sentido tamén quere lembrar que na intervención do grupo de EU no Pleno de investidura, manifestaron o seu desexo de que a transparencia, a democracia, e a participación deberían ser os sinais de identidade desta Corporación, porque a cidadanía de Cambre merece todo o respecto. Anticiparon que propoñerían unha maior austeridade e unha maior eficacia, porque detrás están os veciños de Cambre.

EU solicita que se retire esta proposta da orde do día, que se deixe este punto enriba da mesa, e se abra un proceso de diálogo entre todos en xeral, do contrario o seu grupo verase obrigado a votar en contra da proposta por considerala abusiva e non ser consensuada co conxunto de partidos da oposición que son a maioría neste pleno.

Di que en EU están en profundo desacordo coas contías que se pretenden asignar por medias dedicacións, considerándoas insolidarias e a todas luces abusivas para moitos traballadores e traballadoras. Unha provocación aos case 2.000 desempregados do concello, e para as súas familias que están sufrindo o drama social do paro, carecendo nalgúns casos dos recursos mínimos para poder sobrevivir dignamente. Observan que agora o que se pretende é adoptar medidas regresivas con todos aqueles que sufren os efectos da crise e o desemprego.

Dille ao Sr. alcalde que con esta proposta que presentan hoxe posiblemente estean cometendo o primeiro erro da presente lexislatura, ignorando antecedentes recentes que aconsellan unha maior contención salarial. Entre eses antecedentes está a conxuntura socioeconómica e crise que están padecendo, a desatención existente cara á política e aos políticos, a situación concreta das arcas municipais do concello, que segundo a Intervención municipal non están no mellor momento, e non menos importante, polas

medidas que se tomaron o pasado ano mediante real decreto, e polas recomendacións da FEMP e da FEGAMP onde se reduciron os salarios e as dedicacións exclusivas nun 7% e nun 5% as medias dedicacións e asistencias a órganos colexiados. O goberno municipal de Cambre decide aumentalas, o que para o grupo de EU resulta unha gran contradición.

Non é xusto que se defendan e aproben dende as institucións reducións salariais para os pensionistas, traballadores e empregados públicos, e agora non dubiden en saltarse esas mesmas recomendacións cando se trata das súas propias retribucións. Di que sen dúbida isto non fai máis que incrementar a xusta indignación dos cidadáns que en moitos casos están dicindo o que non se debe facer en democracia.

Segundo os seus cálculos, o total das asignacións que propoñen aprobar como media dedicación supoñen en relación coa anterior lexislatura un 2%, 4.147 euros, é dicir, o pago ás persoas experimenta en termos porcentuais un incremento do 25%, ou sexa, máis que na anterior lexislatura. Isto quere dicir que de 23.239 euros se pasa a cobrar 29.000 euros, a excepción do Sr. alcalde, que non vai ter dedicación exclusiva, e por media dedicación cobrará 32.000 euros. Esta é unha cuestión que lamentan e tamén reprochan, porque un concello de 24.000 habitantes como Cambre debe, ao seu xuízo, ter un alcalde con plena dedicación ao concello e cobrar racionalmente por iso.

Ao anterior teñen que engadir as asignacións por asistencias a Xuntas de Goberno Local, onde vai cobrar o concelleiro de Obras e Servizos, que aumentan un 140%, pasando de 190 euros a 450, para poder equiparar esas contías ás medias dedicacións que pretenden cobrar o resto de concelleiros do goberno. Isto quere dicir, está clarísimo, outra media dedicación máis.

Na anterior lexislatura había dúas Xuntas de Goberno Local mensuais que non pasaban de 30 minutos, no conxunto de todas elas había dúas que o fixeron, e no conxunto a media foi de 18 minutos, onde se cobraban 190 euros. Agora con catro sesións se pretenden cobrar 450 euros, o que supón 1.800 mensuais, sen contar coas axudas de custo dos Plenos, Comisións Informativas e Xuntas de Voceiros. Ese concelleiro vai saír sobre 30.000 euros anuais.

Para eles esa cantidade non está nada mal, sobre todo se teñen en conta que o salario mínimo interprofesional é de 641 euros/mes, a pensión mínima de xubilación para maiores de 65 anos é de 570 euros/mes, e a pensión non contributiva de 347 euros/mes, moitísimo menos do que vai cobrar o concelleiro de Obras e Servizos por menos de media hora de reunión. Parécelles un abuso e unha tomadura de pelo aos veciños e veciñas de Cambre.

Continúa dicindo que os 29.000 euros que se pretenden cobrar por media dedicación, por cinco horas, supoñen 2.071 euros/mes en 14 pagas, e a situación económica na que se atopan as arcas do concello non están para esas festas.

Faise necesario establecer políticas de austeridade e limitar o gasto. Nese sentido, para limitar o gasto, o Sr. alcalde pode contar co grupo de EU, co seu apoio, para reconducir a situación e dar un impulso a actuacións encamiñadas á creación de emprego.

Existen razóns máis que suficientes para reducir o gasto público, e tamén de coherencia política. Teñen que ter en conta que a media do gasto de persoal dos concellos de España é do 28%, en Cambre é do 33,62, ou sexa, 5,62 puntos máis. É primordial que sexan os políticos os primeiros en ser conscientes da situación económica que atravesan e, polo tanto, tamén os primeiros en aplicarse as medidas de austeridade tan necesarias e dar un xiro importante para sobrepassar esta etapa tan difícil.

Conclúe dicindo que espera que recapaciten, convoquen ao conxunto da oposición para sentarse a falar de políticas de aforro e contención do gasto no máis amplo sentido. Demostrarlles aos veciños e veciñas de Cambre que ao concello non se vén simplemente para percibir salarios e axudas de custo abusivas. Pide que apliquen ese espírito vocacional que deben ter todos os representantes públicos, que non é outro que traballar a prol dos veciños, e pídelles que tamén teñan presente ese principio de austeridade económica que tanto pregonaron na campaña electoral.

Por todo o anterior pide que este punto quede enriba da mesa e abran o proceso de diálogo, porque do contrario o seu grupo votará en contra da proposta.

Concedida a palabra a don Alfredo Rodríguez Abella, voceiro do BNG, manifesta que o seu grupo coincide co PSdeG-PSOE, e con EU, en deixar o punto sobre a mesa e convocar á Xunta de Voceiros, para chegar a uns acordos económicos máis racionais e máis austeros.

Di que xa falou antes do caso do Sr. Marante, e tamén coincide con outros grupos en que o Sr. alcalde teña unha dedicación exclusiva.

Unicamente quere achegar como novidade, para contestarlle ao Sr. Andreu, que realmente agora percibe menos o goberno municipal respecto da anterior lexislatura, e percibe máis a oposición porque tamén é certo que agora son moitos máis na oposición, e tamén o goberno é moito máis pequeno que o anterior.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, manifesta que este punto da orde do día é un exemplo máis da austeridade coa que queren gobernar o concello. Di que o triste é que veña aquí o voceiro do PP e estea enganando á xente, está faltando á verdade, falseando os datos, porque está dicindo que se incrementan as asignacións aos grupos da oposición. Dille que non, que o que pasa é que na oposición son 13 concelleiros, pero van cobrar o mesmo que viñan cobrando na pasada lexislatura. Perciben as mesmas contías por asistencia a Plenos, Comisións Informativas e Xuntas de Voceiros. É o mesmo, ou para ser exactos 5 euros sube o Pleno, o que pasa é que se aumenta a partida para gastos da oposición porque son máis concelleiros na oposición.

No caso do goberno rebaixase a partida orzamentaria porque son menos, pero o primeiro que fixeron ao chegar ao goberno foi pasar as dedicacións parciais de 23.000 a 29.000 euros, incrementáronse o soldo en 6.000 euros cada un, esa é a súa austeridade. O que teñen que dicir é que as Xuntas de Goberno Local pasan de 190 a 450 euros e, ademais, en vez de haber dúas ao mes, hai catro ao mes. Pregunta quen é o que aumenta o gasto no concello.

Parécelle lamentable que coa que está caendo neste país, a xente preocupada polos seus postos de traballo, a crise, que eles, con facer 25 horas á semana vaian cobrar ao mes unha cantidade neta preto dos 1.700 euros. Iso é lamentable.

Engade que el está de acordo en que os que traballan teñen que cobrar, e estaría de acordo en que cobrasen esas contías, pero se se tratase de dedicacións exclusivas, con iso estaría de acordo, pero poñen parcial que así se levan para casa 29.000 euros do concello e poden atender outros negocios.

Conclúe dicindo que tamén está de acordo en que un alcalde dun concello como Cambre, que ten 24.000 habitantes, debe ter unha dedicación exclusiva. Polo tanto, pide que este punto quede sobre a mesa ou, do contrario, o seu voto vai ser en contra.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, concelleiro do GM, manifesta que saíu moi a miúdo o tema da asignación á Xunta de Goberno, dixeron que poden durar 15 ou 20 minutos, e que cobrar por iso 450 euros é unha burrada. Efectivamente iso sería unha burrada, pero na pasada lexislatura ademais das Xuntas de Goberno estaban as Xuntas de Coordinación que agora non vai haber e, polo tanto, todos os temas que se trataban nelas pasan ás Xuntas de Goberno Local.

Di que el tamén ten estado en Xuntas de Goberno Local noutros tempos, cando se lles daba por parte da Alcaldía atribucións diferentes das que se lle deron ultimamente, e as Xuntas de Goberno Local duraban horas, e ao mellor nesta lexislatura tamén cambia o tema.

Efectivamente é moi escandaloso porcentualmente que de 190 se pase a 450 euros, pero só botan cálculos diso, e el quere dicirlles a todos que el ás 8:30 horas preséntase no concello todos os días da semana, non vén só o luns a cobrar, tamén está de martes a venres e eses días non cobra por vir. Sinala que terá que cobralo dalgunha maneira e que, senón, que lle digan que é o que ten que cobrar por cada hora que vén a estar aquí no concello servindo aos veciños, a ver a canto sae, porque el vén á Xunta de Goberno Local os luns, pero despois segue traballando, mentres que os concelleiros da oposición veñen ao concello, e no peor dos casos, por catro horas de Pleno se se prolongase ata as 00:00 horas, sairían a 50 euros/hora.

Manifesta que o gracioso é que as horas que el bota traballando no despacho, ou indo polo concello, vendo os problemas dos veciños e tratando de buscarlles solución, se el as cobrase a 50 euros como as cobran os concelleiros da oposición, tería que cobrar ao

mes 7.000 euros, e vai cobrar por andar facendo ese labor 2.000 euros escasos. Pregunta a canto lle sae a súa hora aos veciños comparada coa dos concelleiros da oposición.

Conclúe dicindo que se tanto presumen de ter a maioría, deberían ter feito goberno, e se non o fixeron pídelles que deixen gobernar a quen o fixo.

Toma a palabra o Sr. alcalde quen, en resposta ás manifestacións de don Augusto Rey, dille que el está comprometido con Cambre dende o día que aceptou ser candidato, e aquí poderán velo ás 8:30 horas, ás 15:30, ás 16:00 ou ás 17:00, e os veciños saben que moitos días, incluso ás 20:00 ou 21:00 horas está aquí no concello. El está comprometido con Cambre e os seus negocios aténdense, afortunadamente, sós.

Sinala que esa mesma resposta é a que lle quere dar ao Sr. Taibo, 25 horas semanais son as que a le esixe poñer no papel por media dedicación, pero todo o mundo sabe que fan moitas máis.

Pide ao Sr. Baamonde que non utilice a demagogia e trate de dicir aos veciños que os están enganando, porque aquí ninguén engana a ninguén, e lémbrale que está no uso da palabra, e que igual que el respecta ao Sr. Baamonde na súa quenda, agora pídelle que o respecte a el.

Engade que quere dicirlle dúas cousas, para que o Sr. Baamonde llelas diga aos veciños, primeiro que as asistencias a Plenos, Comisións Informativas e Xunta de Voceiros as cobran os concelleiros dos outros grupos, o goberno non as cobra. E, en segundo lugar, repítelle o mesmo que lle dixo ao Sr. Augusto Rey, que a súa dedicación con Cambre é exclusiva, porque ao mellor ben é verdade que non tiña necesidade de estar na política pero se está nela é porque quere facer algo por Cambre, e vaino facer, aínda que lle pese ao Sr. Baamonde.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López manifesta que debe ser que o Sr. alcalde non entendeu o que dixo, porque el o que dixo é que poñan sobre o papel que se trata de dedicacións exclusivas, e con iso estaría de acordo. Di que non é demagogia e que só faltaría que os concelleiros do goberno tamén quixeran cobrar por asistencias. Todo o mundo sabe que quen ten dedicación exclusiva ou parcial non cobra por asistencias.

Conclúe dicindo que, de verdade, el lle desexa ao Sr. alcalde moitísimos logros e moitísimos éxitos, porque iso é o mellor que lle podería pasar a Cambre e aos veciños.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, en relación coa explicación solicitada polo voceiro de UxC, manifesta que a explicación é a que xa deu, que se queren dá os números. O custo do goberno, incluídos os dous concelleiros que cobraban por asistencias na pasada lexislatura eran 298.800 euros/anuais, o custo deste goberno será de 245.800 euros/anuais. O custo da oposición na pasada lexislatura era de 80.800 euros e nesta será de 113.200 euros. O incremento, efectivamente, xurde porque antes

había 3 grupos na oposición e 11 concelleiros no goberno, e agora hai 5 grupos na oposición e 8 concelleiros. De aí sae o incremento.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que hai que comezar dicindo iso precisamente, non deixando no aire que o goberno vai ser austero e a oposición vai cobrar máis.

Di que el está moi decepcionado con este primeiro Pleno, porque pensaba que ían deixar atrás todo o pasado, e que ía haber máis entendemento, ou polo menos máis respecto dentro de todos os grupos políticos, e deixar temas persoais á parte.

El cre que o Sr. alcalde pode ter media dedicación de 2, 4 ou 7 horas. O seu grupo o que vai pedir é responsabilidade pola xestión do Sr. alcalde e do seu goberno. O grupo de UxC dixo que ían votar a prol desta proposta porque cren, como veciños de Cambre, que é necesario gobernar Cambre dunha vez. Teñen 6 meses antes dos próximos orzamentos para demostrarlles que non se están equivocando con eles, simplemente é iso, eles van votar como un voto de confianza, non van votar en contra porque crean que non o van facer, non, votan pensando que o van facer, e dentro das cousas que din que van facer está contar con todos os grupos políticos, coa oposición, sentarse con todos para debater todos os temas importantes de Cambre, non só con UxC.

Dille ao Sr. Rodríguez Abella que eles non teñen pacto encuberto, se tiveran desexado un pacto, teríano directamente. Ofrecéuselles, e está aquí o Sr. alcalde para dicilo, pero non existe tal pacto encuberto, non están xogando a outra cousa que non sexa a que están vendo. Eles pensan que teñen que votar algo e van facelo, e o que o Sr. Rodríguez Abella vote, eles van respectalo, así que lle pide que faga o mesmo.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno manifesta que quere rebatir, como se fixo, os números que o Sr. Andreu facilitou en canto ao incremento das asignacións a grupos da oposición, e di que hai un agravante, porque tendo en conta que o servizo de prensa e de comunicación, polo que se ve non lles serve, con ese servizo entende que sacaron unha noticia o sábado 9 de xullo, en ‘La Voz de Galicia’, co titular “Rivas subirá as asignacións á oposición”. Pide que no futuro sexan un pouco serios, que non boten pedras no camiño, e que intenten levar as cousas con tranquilidade e, sobre todo, sen soltar facilmente na prensa informacións, neste caso totalmente desacertadas, e que non se atinxen á realidade. Pide que sexan un pouco rigorosos, é algo que se deben a eles mesmos como concelleiros, como representantes dos veciños, e tamén a todos os veciños de Cambre.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que lle gustaría facer unha pequena matización. El non vai dubidar de que o Sr. alcalde lle dedique moitísimo tempo ao concello, porque realmente ten que ser así, pero tamén quere dicir que o Sr. alcalde ten outras ocupacións, e non se refire ás privadas que son súas, senón as públicas, como é a Deputación Provincial, e imaxina que cando teña algún Pleno da Deputación deixará o concello e irá á Deputación a facer as súas funcións como

deputado provincial. Por exemplo, di que o chamou por teléfono hoxe pola mañá para falarlle dun tema que consideraba importante en relación coa declaración institucional que despois van tratar, e non puido falar con el, supón que porque hoxe estaba na Deputación Provincial para a elección de presidente.

Conclúe dicindo que é lóxico que o Sr. alcalde non se poida dedicar todo o tempo a Cambre, é lóxico, pero quere que se saiba iso, que non vai estar sempre no concello a disposición dos veciños ou concelleiros.

Concedida a palabra a don Alfredo Rodríguez Abella manifesta que en contestación ao Sr. Marante que antes deixou aberta a pregunta sobre como podía cobrar, el pensa que cunha media dedicación ou cunha dedicación exclusiva xa o podería facer.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os tres concelleiros de UxC e o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM, e votan en contra os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG, e o concelleiro de Progresitas de Cambre integrante do GM.

A Corporación, por once votos a prol, acordou:

Primeiro: Determinar os seguintes cargos da Corporación para o seu desempeño en réxime de dedicación parcial, cunha dedicación mínima de 25 horas semanais, preferentemente de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres, e coa retribución bruta anual seguinte:

- Alcalde-presidente: 32.000 € con base na representatividade e responsabilidade do cargo
- Concelleira da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación: 29.000 €
- Concelleiro da área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación: 29.000 €
- Concelleira da área de Urbanismo e Medio Ambiente: 29.000 €
- Concelleiro da área de Deportes, Xuventude e Voluntariado: 29.000 €
- Concelleira da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo: 29.000 €
- Concelleiro da área de Cultura e Turismo: 29.000 €

Segundo: As retribucións dos concelleiros estarán suxeitas ás variacións que se fixen para o persoal das administracións públicas na Lei de orzamentos xerais do Estado.

Terceiro: Os membros da Corporación que non teñan dedicación parcial percibirán pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte as seguintes contías:

- Plenos: 200 €
- Comisións Informativas: 100 €

- Xunta de Voceiros: 100 €
- Xunta de Goberno Local: 450 €

A asistencia a varias sesións do Pleno, Xunta de Goberno Local, Comisións Informativas e Xunta de Voceiros que teñan lugar nun mesmo día, computaranse como unha soa asistencia.

Cuarto: Os membros da Corporación que realicen comisións de servizo fóra do termo municipal terán dereito a ser indemnizados mediante axudas de custo polo importe establecido para o Grupo I no Real decreto 462/2002, de 24 de maio. Terán, así mesmo, dereito a ser indemnizados polos desprazamentos que realicen dentro do termo municipal por razón de servizo.

En todo caso, no relativo ao réxime de xustificación e abono das indemnizacións, resultará de aplicación o sinalado no Real decreto 462/2002 e demais normativa estatal vixente na materia.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 22 do Regulamento orgánico municipal, en concordancia co artigo 75.5 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, publíquense integramente no Boletín Oficial da Provincia, taboleiro de anuncios da Corporación e páxina web municipal, os anteriores acordos.

11º Proposta de Alcaldía de asignación dunha dotación económica aos grupos políticos municipais

Vista a proposta da Alcaldía de data 6 de xullo de 2011.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que entenden que as asignacións que se propoñen, por parte da Alcaldía aos grupos é insuficiente, nese sentido quere referirse un pouco as palabras do Sr. alcalde no Pleno de constitución da Corporación no que manifestou algo que a el lle parece moi acertado, e que lles ten que facer pensar sobre a súa presenza na Corporación. Dixo o Sr. alcalde que non só se goberna dende o goberno, senón tamén dende a oposición, palabras textuais na acta, e é certo, a oposición ten un labor moi importante que desenvolver, xa que representan a 6.533 veciños, e a diferenza do que manifesta o Sr. Marante, co cal non quere entrar en discusións, tan importante é o goberno como a oposición.

Di que a oposición que eles propoñen dende o grupo socialista de Cambre é unha oposición traballadora, responsable, honesta, e que se vai dedicar a resolver e atender as necesidades dos veciños, igual que se pode facer dende o equipo de goberno. Nese sentido, unha vez máis, acuden por parte do PP ao criterio de austeridade. El quere propoñerlles un reto, xa que a austeridade non só está nas retribucións aos grupos e nas retribucións por asistencias a Plenos, Comisións ou Xuntas de Voceiros, cre que hai que facer un plan de austeridade no concello, hai que revisar o gasto, sobre todo eliminando

aquel que socialmente non sexa eficaz, que non mellore a calidade de vida dos veciños, e aí se atoparán.

Cre que para analizar un tema como este, a Xunta de Voceiros, xunto co conxunto do funcionariado, pode ser un bo instrumento para ver onde en realidade hai que recurtar o gasto, e ao mellor se levan sorpresas, vindo que esta non é unha Corporación especialmente cara, nin en goberno nin en oposición.

Por todo isto, igual que fixo noutros puntos da orde do día de hoxe, pide que se retire este punto, que se analice en realidade onde deben ser austeros, e a partir de aí poderán tomar decisións. Se procede manter esas asignacións, ou incluso recurtalas, farase, e se non, evidentemente, serán todos os que de común acordo acaden os niveis de asignación aos grupos que son necesarios para que todos eles poidan traballar adecuadamente.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o seu voto vai ser a prol. Trátase das mesmas asignacións que na anterior Corporación, e volve repetir, como no tema das asignacións ao grupo de goberno, que lle van esixir ao goberno, entre outras moitas cousas, precisamente esa redución no gasto da que fala o voceiro do PSdeG-PSOE nos vindeiros meses antes dos orzamentos.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que non é intención do seu grupo incrementar o gasto político do concello, aínda que eles, neste sentido, sempre apostaron por primar o que é a asignación aos grupos e non o que é a asignación nominativa ás persoas por asistencias. Con isto non quere dicir que pidan un incremento nese sentido, é máis, incluso ao mellor hai que reduci-lo, pero como en puntos anteriores tamén din o mesmo, que se fale con detención, que se valore o conxunto do concello, que se aplique unha austeridade en puntos onde consideren que haxa que aplicala.

Conclúe dicindo que piden que se deixe o punto sobre a mesa ou do contrario o seu voto vai ser en contra.

Concedida a palabra a don Alfredo Rodríguez Abella, voceiro do BNG, manifesta que o seu grupo tamén propón deixalo sobre a mesa, e valorar nunha Xunta de Voceiros todo o tema da austeridade nun conxunto global, senón, votarán en contra.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, manifesta que el tamén pide que se retire da orde do día para que sexa estudado nunha Xunta de Voceiros.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, concelleiro do GM, manifesta que el vai votar a prol, e sinala que se comezan a deixar puntos da orde do día sobre a mesa non van facer nada. Di que o que hai que facer para próximos plenos é intentar consensuar as cousas con máis rigor.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os tres concelleiros de UxC e o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM, e votan en contra os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG, e o concelleiro de Progresitas de Cambre integrante do GM.

A Corporación, por once votos a prol, acordou:

Primeiro: Asignar a cada grupo político que compón a Corporación unha dotación económica co fin de colaborar nos gastos correntes necesarios para o desenvolvemento da súa actuación como grupo político municipal, cos seguintes criterios de reparto:

- a) Compoñente fixo de asignación: 2.000 €/ano
- b) Compoñente variable: 1.000 €/ano por cada membro do grupo:

- PP (7 concelleiros):	7.000 €/ano
- PSdeG-PSOE (5 concelleiros):	5.000 €/ano
- UxC (3 concelleiros):	3.000 €/ano
- EU (2 concelleiros):	2.000 €/ano
- BNG (2 concelleiros):	2.000 €/ano
- GM (2 concelleiros):	2.000 €/ano

Segundo: As dotacións económicas tanto a de compoñente fixo como a de compoñente variable, aboaranse a cada grupo político semestralmente.

12º Declaración institucional en apoio aos traballadores e traballadoras da empresa “Molduras del Noroeste, S.L.”

O Sr. alcalde manifesta que todos os grupos dispoñen da moción, pero que a última hora, no día de hoxe, o grupo municipal de EU presentou por Rexistro de entrada unha modificación ou engadido ao punto terceiro da parte dispositiva da moción.

Explica que o grupo de goberno non comparte esta modificación presentada por EU, xa que non poden comprometerse a cousas hipotéticas, sobre todo cando aínda está en desenvolvemento o Plan xeral de ordenación municipal.

Sinala que inicialmente o punto terceiro constaba do seguinte teor literal:

“Terceiro: O Concello de Cambre comprométese a non aprobar ningunha recualificación ou reclasificación do uso do solo onde se localizan as instalacións e a fábrica de Molduras del Noroeste, S.L.”

Agora EU propón que se engada a ese punto o seguinte:

“... a excepción do considerado na actualidade como rústico que pasará a ser industrial no próximo Plan xeral de ordenación municipal, co fin de non impedir a posible expansión da fábrica e as súas instalacións, para que non contraveña a ningún tipo de ilegalidade.”

O Sr. alcalde explica que isto supón apostar a un futuro. Cre que todos os grupos estaban de acordo coa moción inicialmente presentada, e que engadir este parágrafo failles dubidar, xa que se trataría de apostar a un futuro.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que lle gustaría aclarar este engadido que propoñen. Di que neste punto EU non fai máis que ser o voceiro do comité de empresa de Molduras e dos traballadores, eles non queren aquí ningún protagonismo, son os voceiros dos traballadores e traballadoras de Molduras que queren asegurarse, primeiro, que a fábrica poida realizar expansión se é preciso e, segundo, que en terreos que non están clasificados como industriais, que están clasificados como rústicos, que non se especule con eles, e que non se fagan vivendas. Di que este é o sentir deste engadido, é o sentir da maioría dos traballadores e traballadoras de Molduras.

Continúa dicindo que unha moción parecida foi aprobada hai dous anos, porque así o quixeron os traballadores, e esta moción que se refixo agora tamén foi sometida á asemblea e ao criterio, primeiro da empresa, e despois dos traballadores, e este engadido é o sentir dos traballadores, un sentir que o grupo de EU comparte polo ben dos traballadores, polo ben do futuro da empresa e polo ben do futuro do pobo de Cambre.

O Sr. alcalde explica que esta é unha moción conxunta que presentan todos os grupos municipais, en apoio dos traballadores e traballadoras da empresa “Molduras del Noroeste, S.L.”.

El pensa que o punto terceiro queda moi claro como está, se engaden agora o novo texto, tendo en conta que fronte á fábrica de Molduras se vai facer un colexio, pregunta como van recualificar no Plan xeral de ordenación municipal ese terreo. Reitera que cre que é apostar por un futuro, e condenar unha moción en que todos os grupos están de acordo.

Se nun momento delicado como está a fábrica, que está despedindo traballadores, non son capaces de aprobar unha moción porque queren engadir algo sobre o futuro da propia expansión da fábrica no mesmo sitio onde está, tendo en conta que fronte a fábrica se lle vai ceder á Xunta o terreo para facer un colexio, non o ve claro.

El cre que se aproban a moción como está é suficientemente clara. O compromiso do concello é non comprometerse con algo que é futuro, cando o borrador do Plan xa está en marcha, e así o explicarán e tratarán con toda a oposición antes de enviálo á Xunta.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que agora mesmo non lembra se os terreos son 60.000 ou 65.000 metros de solo rústico. No anterior Plan de urbanismo xa estaba recollido o terreo industrial, e el cre que hai que apostar pola industria, sobre todo nestes momentos que están padecendo. A dúbida que teñen os traballadores e tamén EU é porque mañá eses terreos poden ser vendidos e descapitalizados.

O Sr. alcalde reitera que cre que o punto terceiro queda claro. O que agora piden é que tamén o Concello de Cambre se comprometa a non recualificar nin reclasificar os metros cadrados que hai arredor da fábrica. Incluso están pedindo que o concello reclasifique eses terreos como solo industrial antes de que a fábrica pida a ampliación, e iso cre que non é legal.

Don Luis Miguel Taibo Casás insiste que el transmite o sentir dos traballadores de Molduras e do grupo EU, e por conseguinte o que pide é que se someta a votación, e o que lle gustaría é que fose aprobado por unanimidade.

El fixo entrega da proposta ao resto de compañeiros da Corporación e cre que tamén estaban de acordo, con moi bo criterio. Será responsabilidade do grupo que vote en contra disto explicar a razón.

O Sr. alcalde manifesta que o que están a pedir é un compromiso firmado do Concello de Cambre sobre o futuro duns terreos. Pregunta cantos metros, cantas hectáreas arredor da fábrica, que compromiso pode adquirir o concello. Dille que iso non é legal, e pregunta cantos quilómetros cadrados arredor da fábrica se compromete o concello a non reclasificar, porque igual afecta aos terreos do colexio tamén.

El pensa que o Concello de Cambre tense que comprometer ao que di o punto terceiro tal e como está.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que eles non están a falar do colexio, só están a falar de terreos propiedade de Molduras del Noroeste.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que o tema está claro, o problema é que o grupo de goberno, co asesoramento legal da persoa á quen lle corresponde asesorar ao goberno e á Corporación, entende que este non é o trámite para comprometer a clasificación urbanística dun terreo, o trámite para comprometer ese terreo é o Plan xeral, non se pode facer a través dunha moción, e supón que a secretaria da Corporación así o pode explicar.

A Sra. secretaria da Corporación informa que, efectivamente, a moción tal e como foi presentada non representa ningún problema. Trátase dunha declaración institucional, así figura na orde do día e contén uns compromisos que adquire a Corporación. Agora ben, o punto que se quere engadir supón acordar que un terreo agora rústico pasará a ser industrial, e para acordar iso requírese un procedemento, que é o procedemento da

tramitación do Plan xeral, que precisa unha serie de informes, da Xunta, informes sectoriais, ditame da Comisión Informativa,, de tal maneira que se agora adoptan ese acordo ela considera que sería ilegal, porque están prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido. É dicir, están recualificando por simple acordo plenario un terreo rústico que pasará a ser industrial.

Reitera que o procedemento para levar a cabo ese trámite é o establecido para a aprobación dun Plan xeral, que require maioría absoluta e unha serie de informes sectoriais que a día de hoxe non teñen sobre a mesa. Non saben ata onde vai chegar, non saben se se vai autorizar, require unha exposición ao público, etc.

Conclúe dicindo que a moción tal e como se presentou ao principio está correcta, están asumindo uns compromisos, e despois, coa elaboración do Plan xeral, será cando haberá que determinar o contido concreto deses compromisos que están adquirindo a día de hoxe. Non se poden saltar o procedemento legalmente establecido.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que despois desta aclaración dende o punto de vista legal, el o que quere que se plasme aquí é a vontade da Corporación de que sexa así, polo menos a vontade, que vén sendo a vontade dos traballadores.

O Sr. alcalde manifesta que está de acordo co Sr. Taibo en apoiar aos traballadores de Molduras, está de acordo en apoiar ao tecido produtivo, e pensa que no punto terceiro está suficientemente explicado o seu compromiso, un compromiso que é firme por parte de todo o concello, que son todos. El está totalmente de acordo coa moción, pero non cre que o concello se deba meter en asuntos ilegais.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que aclarado pola Sra. secretaria o que significa a legalidade e máis a ilegalidade, el falaba da vontade da Corporación.

O Sr. alcalde di que vontade haina.

O Sr. Taibo Casás pide que, entón, esa vontade se plasme no acordo, porque ninguén quere que o día de mañá a empresa acuse aos traballadores e aos grupos da Corporación de impedirles ampliar a fábrica por non recualificar os terreos como industriais.

O Sr. alcalde preguntalle ao voceiro de EU se Molduras del Noroeste é propietaria a día de hoxe de máis terreo arredor da fábrica onde ampliar as instalacións existentes, porque tal e como está redactado o engadido parece que se está condicionando todo o terreo existente arredor da fábrica. Se están falando de terreos que xa son da fábrica, iso xa está claro no punto terceiro tal e como estaba redactado inicialmente.

Di que lles pode poñer un caso, el ten no polígono de Sabón 20.000 metros cadrados e a el a lei dille que non pode edificar máis que 8.000. Os terreos da fábrica son 20.000, e a nave son 8.000. Pregunta se ese é o caso de Molduras.

Don Luis Miguel Taibo Casás contesta que hai instalacións de Molduras del Noroeste, hoxe en día, que están situadas onde non é terreo industrial. Pensa que o que deberían facer é falar máis coa empresa e máis cos traballadores.

Parécelle ben que o Sr. Rivas sexa industrial, e que sexa unha persoa emprendedora, pero non debe olvidar que agora mesmo é alcalde de Cambre, e ten que mirar polos traballadores e polo tecido industrial deste concello.

O Sr. alcalde responde que non se olvida, pero como alcalde de Cambre ten que cumprir coa lei, e non pode comprometerse a algo que é un futuro, por iso pregunta se as instalacións que están fóra de Molduras se chaman doutra forma, se son doutra sociedade, porque se son da mesma sociedade, co punto terceiro, tal e como estaba redactado, está aclarado o problema, están falando de todas as instalacións de Molduras del Noroeste, S.L.

Neste punto prodúcense varias intervencións por parte do público asistente, e principalmente dos traballadores de Molduras del Noroeste presentes no salón de sesións, en relación coa situación dos terreos da fábrica a día de hoxe.

Don Luis Miguel Taibo Casás sinala que tendo en conta a cuestión de legalidade que informou a Sra. secretaria, o único que pide e que se engada neste punto terceiro a vontade expresa da Corporación de que eses terreos pasen de rústico a industrial, que é o que queren os traballadores, nada máis.

O Sr. alcalde manifesta que se o fan así estarían incorrendo nunha contradición, porque por un lado din que se comprometen a non recualificar ou reclasificar os terreos e xusto a continuación din que se comprometen a que no Plan xeral se reclasifiquen eses terreos e pasen de rústico a industrial.

Sinala que á vista disto haberá que redactar de novo todo o punto terceiro, e reitera que, por moito que lle achquen, el non está en contra dos traballadores, pero que o que non quere cometer é ningunha ilegalidade.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta, como punto de partida, que o seu grupo está totalmente de acordo coa moción e co engadido, e mentres eles estean nesta Corporación votarán a prol de que no próximo Plan xeral se recualifiquen eses terreos. A partir de isto, cre que é un defecto de forma, están dando voltas e voltas ao mesmo, cando el cre que os traballadores de Molduras presentes na sala, saben perfectamente que todos están de acordo en apoialos, en defender os seus postos de traballo. Suxire que se deixe sobre a mesa, que mañá pola mañá falen os voceiros dos grupos e redacten unha nova moción para que se aprobe no próximo Pleno. Di que cre que non pasaría absolutamente nada por facelo así.

Sinala que el persoalmente lle dixo ao Sr. alcalde que tiña falado cos traballadores de Molduras e quería que, de ser posible, se trouxera a moción ao primeiro Pleno. Ao igual que dixo iso tamén dixo que lle gustaría que a moción fora a redactada por EU no 2009, que fora aprobada por todos os grupos políticos.

Dille ao Sr. Taibo que foi tal e como o está contando, e así o pode confirmar o Sr. alcalde. Pídelle que non dea á cabeza, porque se fala de responsabilidade el tamén lle pode achacar unha cousa, dixo antes que esta mañá chamara ao Sr. alcalde para falar deste tema e que o alcalde estaba na Deputación e non puido atendelo, pero el esta mañá si estivo libre, e tamén o puido chamar para dicirlle que ían rectificar un pouco a moción. Non sabe se chamou ao resto de voceiros, a el non, déullelo agora. Di que se o tiña pola mañá para o alcalde tamén o tería para el.

Conclúe dicindo que pensa que só se trata dun defecto de forma e que o mellor é deixalo para mañá, sentarse, darlle forma legal e redactalo de novo. Dende logo eles van votar a prol de facelo, pero sempre legalmente, o que non poden é botar unha ilegalidade.

Don Luis Miguel Taibo Casás sinala que non foi pola súa iniciativa, o engadido foi a iniciativa dos traballadores, e a todos os grupos se lles entregou antes de entrar ao Pleno.

O Sr. alcalde manifesta que todos están de acordo na moción, todos se puxeron de acordo, pero calquera que lea o punto terceiro máis o engadido pode ver que hai unha contradición, sobre todo porque os terreos da fábrica de Molduras, uns son industriais e outros rústicos, e se o punto terceiro comeza coa frase de que se comprometen a non aprobar ningunha recualificación ou reclasificación, entón é que están dicindo que van seguir rústicos.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que por iso poñen as palabras “a excepción”.

Á vista do debate anterior, a secretaria da Corporación propón unha nova redacción do punto terceiro que engloba os compromisos que todos os grupos políticos están de acordo en adoptar, e que se transcribe a continuación:

“Terceiro: O Concello de Cambre comprométese a non aprobar ningunha recualificación ou reclasificación do uso do solo onde se localizan as instalacións e a fábrica de “Molduras del Noroeste, S.L.”, a excepción do considerado na actualidade como rústico, respecto do cal a Corporación municipal manifesta a súa firme vontade de levar a cabo os estudos necesarios dentro dos traballos de elaboración do Plan Xeral de Ordenación Municipal, para que se cualifiquen como solo industrial, co fin de non impedir a posible expansión da fábrica e as súas instalacións, para que non contraveña a legalidade.”

Todos os concelleiros asistentes á sesión amosan a súa conformidade coa nova redacción proposta pola secretaria municipal.

Tendo en conta canto antecede, o Sr. alcalde somete a votación a moción conxunta presentada por todos os grupos que compoñen a Corporación, de data 8 de xullo de 2011, coa nova redacción dada ao punto terceiro, segundo quedou transcrito anteriormente.

Votan a prol da moción os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG, e os dous concelleiros do GM.

A Corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, aprobou a declaración institucional en apoio aos traballadores e traballadoras da empresa “Molduras del Noroeste, S.L.”, que consta do seguinte teor literal:

“Molduras del Noroeste, S.L.” é unha empresa industrial da madeira situada no Concello de Cambre dende o ano 1972, que ven precedida dunha longa historia convertíndose líder no sector en España, sendo a primeira en implantar diferentes sistemas de calidade nos seus produtos. Molduras é un dos exemplos da actividade industrial que existe no noso termo municipal e unha fonte importante de riqueza e emprego para a zona, xerando na actualidade 49 postos de traballo directos e moitos máis indirectos; a maior parte deles ocupados por veciños/as do concello.

A actual política empresarial ten contribuído nos últimos dous anos a unha eliminación importante de postos de traballo, mediante expedientes de regulación de emprego, baixas incentivadas e xubilacións. O pasado 3 de xuño eliminábase a quenda de tarde co correspondente despedimento de 9 traballadores incluído un membro electo do Comité de Empresa.

Esta decisión por parte da dirección, pon en risco a continuidade dunha parte do cadro de persoal na empresa madeireira, ademais das consecuencias negativas para actividade produtiva no noso concello, tendo en conta a preocupante situación de emprego na comarca, e especialmente en Cambre, cuxas cifras se incrementaron nos últimos meses.

A preocupación dos traballadores/as, e, por extensión, das súas familias e da propia sociedade cambresa é grande, xerando pesimismo e incerteza na poboación, ao non existir garantías suficientes sobre o mantemento dos postos de traballo e do seu futuro na empresa.

Diante da situación actual, e a xuízo dos grupos asinantes da presente moción, cómpre que o Concello de Cambre por ser a administración máis próxima á cidadanía amose a súa solidariedade cos traballadores/as, e actúe consecuentemente na procura dunha solución ao problema.

Por todo o exposto os grupos municipais asinantes da presente moción, propoñen ao Pleno do concello a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: O pleno municipal mostra a súa preocupación polo futuro do emprego en Cambre, e manifesta o seu apoio e solidariedade aos traballadores/as e Comité de Empresa de “Molduras del Noroeste”, nas súas lexítimas reivindicacións en defensa dos seus postos de traballo, e na súa loita contra unha realidade cada día máis palpable na sociedade, como é o PARO.

Segundo: Do mesmo xeito que no pleno de xaneiro de 2009, o alcalde, no nome do Pleno Municipal, se dirixa aos máximos responsables da empresa e realice un chamamento ao diálogo entre as partes, co fin de acadar acordos que permitan manter a actividade produtiva deste centro de traballo e o emprego que ocupa.

Terceiro: O Concello de Cambre comprométese a non aprobar ningunha recualificación ou reclasificación do uso do solo onde se localizan as instalacións e a fábrica de “Molduras del Noroeste, S.L.”, a excepción do considerado na actualidade como rústico, respecto do cal a Corporación municipal manifesta a súa firme vontade de levar a cabo os estudos necesarios dentro dos traballos de elaboración do Plan Xeral de Ordenación Municipal, para que se cualifiquen como solo industrial, co fin de non impedir a posible expansión da fábrica e as súas instalacións, para que non contraveña a legalidade.

Cuarto: Que se abran cauces de negociación co Comité de Empresa, co fin de acadar acordos para a readmisión dos traballadores despedidos.

Quinto: Así mesmo o acordo anterior será trasladado ao Comité de Empresa da fábrica, á propia dirección de “Molduras del Noroeste, S.L”, e ao Departamento Territorial de Traballo.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e dúas horas e vinte e cinco minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria xeral

Manuel Rivas Caridad

M^a Luisa de la Red Ampudia